

# XII CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA CSM DE VIGO 2026



# CSMV

CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DE VIGO

patrocinado por:





## XII CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA CSMV 2026

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMV) convoca o XII Concurso de Música de Cámara, que se desenvolverá no curso académico 2025/2026. O obxecto do concurso é o de estimular e recoñecer a excelencia interpretativa en conxuntos de música de cámara conformados por alumnado matriculado en calquera das especialidades impartidas no centro. Rexerase polas seguintes bases.

### BASES DO CONCURSO

#### Participantes e inscrición

1. Poderán tomar parte no concurso aqueles conxuntos de música de cámara conformados exclusivamente por alumnado matriculado no CSMV en calquera das especialidades e itinerarios, e en calquera curso.
1. O número máximo de compoñentes de cada conxunto de cámara será de 6 intérpretes. Un mesmo intérprete non poderá presentarse en máis dun grupo.
2. Para tomar parte no concurso unicamente é preciso cubrir a formulario online de inscrición: <https://forms.gle/VwJowHzLV8RgxNrS6>
3. O prazo para inscribirse será entre o **26 e o 29 de xaneiro de 2026**, ámbolos dous incluídos.
4. O concurso constará de dúas fases:
  - 4.1. Fase eliminatoria, na que se concursará por medio dunha gravación de vídeo cunha duración mínima de 8 minutos.

Os concursantes facilitarán o enlace o seu vídeo no formulario de inscrición o cal estará aloxado nunha plataforma de vídeo (Youtube, Vimeo, Dailymotion, Google Drive, Google Video ou similar) facilitando, no caso de ser necesario, os permisos para a súa reprodución por parte do xurado.

Poderán interpretarse varias obras ou movementos, indicando no formulario de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras.

As/os concursantes deberán facer a gravación nunha única toma, incluso no caso de que a interpretación conteña varias obras ou movementos.
  - 4.2. Fase final, na que cada conxunto concursante deberá preparar unha audición de duración mínima de 10 minutos. Poderán propoñerse varias obras ou movementos, indicando no formulario de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras e a duración de cada obra ou movemento.
5. As obras propostas serán orixinais do xénero camerístico. Non se admitirán transcripcións ou arranxos de obras na que a parte de piano sexa unha redución dun acompañamento orquestral.
6. Os grupos concursantes deberán achegar ao xurado unha copia dixital das partituras que non estean libres de dereitos en formato PDF antes do remate do prazo de inscrición, enviando un e-mail a: [vicedirector@csmvigo.com](mailto:vicedirector@csmvigo.com)

#### Fases do concurso

7. O director do CSMV nomeará un xurado formado por un número mínimo de tres docentes pertencentes ao seu claustro. O mesmo director determinará tamén o profesor que deberá exercer a presidencia. Contéplase, non obstante, a posibilidade de que un dos membros de dito xurado sexa un antigo profesor do CSMV que chegara á súa xubilación sendo docente do mesmo. O xurado terá como competencias:
  - a. Aprobar e publicar as listas de conxuntos admitidos.
  - b. Realizar a convocatoria e chamamentos dos conxuntos, de acordo cos prazos previstos nestas bases.



- c. Deliberar e outorgar os premios convocados.
  - d. Resolver calquera incidencia relativa ao concurso desde o momento da súa constitución ao da súa disolución (en coordinación cos órganos responsables do centro), así como interpretar o contido destas bases cando houbese lugar.
8. Unha vez finalizado o período de inscrición, o xurado publicará a listaxe de conxuntos admitidos no concurso no taboleiro oficial habilitado ao efecto. No caso de existir reclamacións a esta lista, haberá un prazo de 48 horas desde a súa publicación para facelo mediante instancia rexistrada nas oficinas do centro e dirixida á presidencia do xurado. O xurado resolverá o que proceda e publicará no seu caso as listas definitivas.
9. O día **9 de febreiro de 2026** o tribunal publicará no taboleiro oficial habilitado ao efecto e na web do centro, a listaxe de finalistas con indicación da obra que deberán interpretar (no caso de que se tivese proposto polo conxunto concursante máis de unha) así como a orde de actuación dos mesmos.
10. A fase final do concurso terá lugar o venres **13 de febreiro de 2026**, no Auditorio Martín Códax do CSMV, segundo o horario e orde de actuación que se teña publicado polo xurado.
11. Na fase final o xurado poderá interromper a audición do conxunto concursante antes do remate da obra, se o considera oportuno.

### Premios

12. O xurado poderá outorgar un 1º, 2º e 3º premios, así como unha mención de honra. O xurado poderá declarar desertos os premios que considere.
13. Para o 1º, 2º, e 3º premiados, o premio consistirá en:
- a. 1º e 2º Premio. Concerto compartido no Auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas (data a determinar de acordo co Concello de Ponteareas) O Concello de Ponteareas e o CSMV disporán os medios necesarios para este concerto, así como a súa publicidade..
  - b. Bono de compra por valor de 200 €, 150 €, e 100 € respectivamente (premio patrocinado por Editorial Dos Acordes). A compra realizarase na web <http://www.dosacordes.es/web/tienda> no prazo que se indique. O propio conxunto designará unha persoa do mesmo como responsable para a realización destas compras.
  - c. Diploma acreditativo.
14. Para a Mención de Honra :
- Diploma acreditativo.
15. Os conxuntos premiados, ademais do anterior: realización dun concerto no Auditorio do Concello de Vigo (Praza do Rei), segundo a programación elaborada pola vicedirección do CSMV de acordo co Concello de Vigo. O Concello e o CSMV disporán os medios necesarios para este concerto, así como a súa publicidade.
16. O resultado do concurso de cámara poderá terse en conta como criterio para a participación en posibles proxectos internacionais de música de cámara.

### Base xeral

17. A participación no concurso implica a aceptación completa destas bases.